

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME" O mundo do traballo

O MUNDO DO TRABALLO

Na actualidade, unha das características do mercado laboral é a situación de desemprego que sofren moitos colectivos sociais, sobre todo aqueles compostos por estudantes que acceden ao seu primeiro posto de traballo, mulleres e discapacitados; esta situación vén dada pola existencia dun maior número de demandas de emprego que de oferta

A consecuencia de lo sinalado anteriormente é que no mercado laboral se produce unha situación de *competitividade* entre os traballadores que optan a un posto de traballo. Existen unha serie de factores que toda persoa que pretende integrarse nese mercado laboral competitivo debe ter en conta :

- Ten que planificar ben a busca de emprego, debe facelo mellor que os demais.
- Debe adquirir a formación que lle proporcione a cualificación precisa para exercer a súa profesión. O tempo de desemprego pode convertelo en tempo de formación, e esta debe estar orientada ao emprego.

En definitiva, debe ter en conta que a **formación** e a **actualización** constante son factores imprescindibles para competir no mercado de traballo.

Buscar emprego é unha tarefa complexa que supón esforzo, dedicación e métodos axeitados de busca. Non se trata dunha tarefa fácil, pero tampouco imposible, e desde logo, o que hai que descartar é esa idea tan estendida de que buscar emprego é só cuestión de sorte. Así, é moi importante o saber buscar, a planificación da nosa actuación. O que non se pode facer é quedarse parado, senón que hai que adoptar unha actitude activa.

Atopar traballo depende esencialmente de dous tipos de factores :

- Os que ti non podes controlar : limitación da oferta, situación do mercado laboral, sorte...
- Aqueles que ti si podes controlar : formación, tempo dedicado á busca, estratexias...

Deste xeito, está demostrado que se un pon ganas, dedica o tempo suficiente a buscar emprego e ademais planifica a súa propia estratexia de busca, as posibilidades de encontrar traballo increméntanse considerablemente.

¿Como planificar a busca de emprego?

O primeiro paso neste proceso é a recompilación do maior número de postos de traballo que están vacante e sexan do voso interese. Unha vez recollidos estes datos, é moi útil a realización dun arquivo persoal. Este arquivo faise cubrindo unha pequena ficha correspondente a cada unha das empresas que ofrecen un posto de traballo que nos interesa. É moi importante ir rexistrando nesta ficha os contactos mantidos coa empresa, así como os resultados dos mesmos.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME" O mundo do traballo

Débense diferenciar **tres tipos de ofertas de emprego** existentes na nosa sociedade : a oferta pública , a oferta privada, o emprego por conta propia.

A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO

A Oferta de Emprego Público é a forma de acceder ós distintos corpos da Administración do Estado. É unha alternativa máis para conseguir o emprego a partir dos 18 anos.

É conveniente analizar as vantaxes e inconvenientes do emprego público. A maior vantaxe é que ofrece seguridade no emprego. Os inconvenientes son a dureza e dificultade das probas, a elevada competencia en relación co número de prazas convocadas e co número de aspirantes e o tempo necesario para prepararse.

A oferta dos organismos públicos (Administración local, Autonómica e Central e as Deputacións Provinciais) , efectúanse mediante a convocatoria de :

- Oposición Consiste na realización dunha serie de probas escritas e /ou orais.
- Concurso de Méritos Valóranse os méritos académicos e profesionais en postos similares, de acordo a un baremo ou lista de méritos.
- Concurso- Oposición Fórmula mixta que comprende unha fase de concurso de méritos e outra de oposición.

¿Onde podes buscar estas convocatorias das prazas?

- Para a Administración do Estado, no "Boletín Oficial del Estado" (**B.O.E.**)
- Para a Administración Autonómica , no Diario Oficial da Comunidades Autónoma. En Galicia **D.O.G.**
- Para as Deputacións e as Administración Locais (Concellos), no **Boletín Oficial de la Provincia**, e nun extracto no B.O.E.

Tamén podes informarte da convocatoria de prazas nos Sindicatos, Organismos Empresariais, Consellerías, Oficinas de Emprego, Academias de preparación de oposicións, prensa, internet e outras publicacións (M.A.P., Semanario do opositor...).

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME" O mundo do traballo

A OFERTA PRIVADA DE EMPREGO

Se optas pola busca de emprego na empresa privada, o primeiro paso é a recompilación de postos de traballo que están esperando a ser cubertos e que sexan do teu interese.



¿Onde buscar traballo na empresa privada?

- **INEM / Servicio Galego de Colocación.** Debes rexistrarte na "oficina de paro" mediante a tarxeta de demandante de emprego. Intenta facelo en ocupacións con certa perspectivas de emprego e para as que tes formación e aptitudes.
- **Prensa** diaria e outras publicacións. Despois do INEM, son a fonte de información máis coñecida e utilizada polos demandantes de emprego. Aínda que aparecen anuncios de traballos a diario, normalmente dedícanlle especial atención os domingos.
- **Empresas de Selección de Persoal.** Se dispós dun Currículo Vitae completo, podes envialo a empresas de selección de persoal para que o inclúan na súas bases de datos. Realizan a selección de persoal doutras empresas, polo tanto, cando necesiten un perfil similar ao teu poderán chamarte.
- **Empresas de Traballo Temporal (E.T.T.)** Podes acudir a elas co teu Currículo Vitae e anunciarte como profesional dispoñible.
- **Contactos Persoais.** É sen dúbida o método de busca de emprego máis eficaz, pois unha grande parte de postos de traballo cóbrense directamente por referencias. Aínda que cres que ti non tes contactos non é así, pensa nos teus amigos, familiares, compañeiros, veciños, cóntalles a túa situación e pídelles axuda.

O EMPREGO POR CONTA PROPIA

Se ninguén che ofrece emprego, ¿porque non o creas ti mesmo?. En materia de emprego, as grandes empresas xogan un gran papel, pero é moito máis importante a mediana, a pequena ou incluso a pequenísima empresa.

En ocasións para crear unha empresa non se necesita demasiado investimento económico, pero os recursos financeiros non son o único requisito para crear unha empresa.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME" O mundo do traballo



¿Como crear una empresa?

¿Que aspectos debes ter en conta?

Viabilidade É imprescindible que cubras unha necesidade real e que a demanda sexa solvente, que a xente estea disposta a pagar polo que a túa empresa fai.

Rentabilidade . Os teus ingresos serán o resultado de multiplicar prezo por cantidade de produtos/servicios. Estima os teus custos e o marxe que che queda con cada venda

Plan de Negocios Plan de Empresa viable técnica e economicamente.

Financiación Se os teus recursos propios e os dos teus socios non son suficientes , podes acudir a:

- **Préstamos de Bancos**
- **Axudas públicas:** subvenciones e préstamos brandos

Trámites legais... Primeiro decide o tipo de figura xurídica que te convén, xa que cada unha ten definida a súa responsabilidade, número de socios, réxime da Seguridade Social e trato fiscal:

- Empresario individual
- Sociedade Anónima
- Sociedade Anónima Laboral
- Sociedade Limitada
- Sociedade Colectiva
- Sociedade Cooperativa

¿Onde te poden axudar?

CIMO.org

CIMOEMPLO (o portal galego do emprego)

Cámara de Comercio de Compostela

Cámara de Comercio de Ferrol

Cámara de Comercio de Vigo

EGA Empleo

Empleogalicia.com A Web do emprego galego

Galiciaempleo.net

Igape.es

ILMA. Asesoramento e Información Laboral para Mulleres Activas

Observatorio de Emprego. Fundación ProVigo

Rede de Información Xuvenil de Galicia

RIA DE VIGO.com Zona de Emprego

Servizo Galego de Colocación

Xunta de Galicia Portal de emprego